

PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU) 2024

1. ESTRUCTURA DA ABAU

A proba de acceso á universidade consta de dúas fases: unha parte obrigatoria e unha parte voluntaria.

1.1 PARTE OBRIGATORIA

A parte obrigatoria refírese ás materias xerais troncais cursadas en 2º de bacharelato. En cada proba, o alumnado disporá dunha única proposta de exame con varias preguntas. O alumno/a terá que responder, á súa elección, ao número de preguntas determinado en cada exame. Se responde a máis preguntas das permitidas, só serán corrixidas as primeiras respondidas ata o número máximo permitido, tal e como se indica en cada exame.

- **Primeiro exercicio: *Lingua Castelá e Literatura II*.** O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que se poderá responder un máximo de 5, combinadas como se queira.
- **Segundo exercicio: *Lingua Galega e Literatura II*.** O exame consta de 6 preguntas de 2,5 puntos, das que se poderá responder un máximo de 4, combinadas como se queira. Pódese solicitar a exención deste exercicio no impreso de matrícula da proba de acceso, se se estivo exento da materia en 2º de bacharelato.
- **Terceiro exercicio: a elixir entre *Historia de España ou Historia da Filosofía*.** En Historia o exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que se poderá responder un máximo de 2, combinadas como se queira. En Filosofía o exame consta de 4 preguntas compostas por un comentario de texto filosófico e o desenvolvemento dun tema, das cales o alumno/a debe responder a 1 delas.
- **Cuarto exercicio: *Primeira Lingua Estranxeira e Literatura II*.** Para este exercicio pódese elixir entre alemán, francés, inglés, italiano e portugués, sempre que fose cursada en 2º de bacharelato como Primeira Lingua Estranxeira. O exame consta de 3 preguntas de 5 puntos, das que se poderá responder un máximo de 2, combinadas como se queira.
- **Quinto exercicio:** Materia xeral troncal vinculada á modalidade cursada en 2º de Bacharelato: ***Matemáticas II***(Ciencias), ***Latín II*** (Humanidades) e ***Matemáticas Aplicadas ás CCSS II*** (Ciencias Sociais), ***Fundamentos da Arte II***(Artes), ***Ciencias Xerais***(Xeral).

Cada un destes exercicios terá unha duración máxima dunha hora e media (90 minutos).

Haberá un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para cada exercicio pódese utilizar calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma, excepto para Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua estranxeira, que deberá realizarse nos seus respectivos idiomas.

Cada un dos exames desta fase xeral puntúase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

1.2 CONVOCATORIAS DA ABAU

No curso 2023/2024 as datas das dúas convocatorias son:

CONVOCATORIA ORDINARIA: 4, 5 e 6 de xuño de 2024

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: 2, 3 e 4 de xullo de 2024

O alumnado que participe na convocatoria ordinaria poderá presentarse á convocatoria extraordinaria para a mellora das cualificacións. Terase en conta a cualificación obtida sempre que sexa superior á anterior.

1.3 CUALIFICACIÓN DA PARTE OBRIGATORIA

Cada un dos exercicios da parte obrigatoria cualifícase entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais.

A nota da parte obrigatoria será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

1.4 CUALIFICACIÓN DA ABAU

Considérase superada a ABAU cando se obteña unha nota igual ou maior a 5 puntos na media ponderada entre a cualificación obtida na parte obrigatoria (conta un 40%) e a nota media de Bacharelato (conta un 60%), e que se expresará con dous decimais, sempre que se acadara un mínimo de 4 puntos na cualificación da parte obrigatoria.

Para o cálculo da nota media de bacharelato, para efectos de acceso á universidade, compútanse todas as materias cursadas no bacharelato, agás a de relixión.

A cualificación da parte obrigatoria terá validez indefinida, sempre que se teña superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.

1.5 PARTE VOLUNTARIA

Na parte voluntaria cada estudante poderá examinarse dun máximo de catro materias, distintas das que se examinou na parte obrigatoria, a elixir entre as seguintes:

- As **materias obrigatorias de modalidade** distintas daquela da que se examine na parte obrigatoria da proba.

- As **materias de opción do bloque das materias de modalidade** de segundo de Bacharelato.

- A **materia Segunda Lingua Estranxeira II**: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués (sempre que sexa diferente da opción cursada na materia troncal Primeira Lingua Estranxeira II).

A duración de cada exercicio será dunha hora e media (90 minutos) e haberá un intervalo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Materias de exame da Parte Voluntaria

Escober un máximo de 4 materias	CIENCIAS	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES	XERAL
Materias obrigatorias de modalidade	Latín II Mat. Aplicadas CCSS II Matemáticas II Ciencias Xerais Debuxo artístico II Análise Musical II Artes Escénicas II	Matemáticas II Mat. Aplicadas CCSS II Ciencias Xerais Debuxo artístico II Análise Musical II Artes Escénicas II	Matemáticas II Latín II Ciencias Xerais Debuxo artístico II Análise Musical II Artes Escénicas II	Matemáticas II Mat. Aplic CCSS II Latín II Ciencias Xerais	Matemáticas II Mat. Aplicadas CCSS II Latín II Debuxo artístico II Análise Musical II Artes Escénicas II
Materias de opción de modalidade	Bioloxía Debuxo Técnico II Física Xeoloxía e CC Ambientais Química Empresa e Deseño de Modelos de Negocio Xeografía Debuxo Técnico Aplic. ás Artes Plásticas e ao Deseño II Fundamentos Artísticos Coro e Técnica Vocal II Movementos Culturais e Artísticos Grego II Historia da Arte Tecnoloxía e Enxeñaría II Hª da Música e da Danza Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica Deseño Literatura Dramática				
Materia Optativa	Segunda Lingua Estranxeira II (Alemán, Francés, Inglés, Italiano, Portugués).				

É conveniente examinarse das materias que se corresponden coa rama de coñecemento onde se inscribe a titulación que nos interese, segundo as táboas de ponderación da CIUG e que ponderen 0'2.

As materias desta parte voluntaria poden ser elixidas libremente, non sendo necesario que pertencen á modalidade cursada, nin sendo necesario que esas materias fosen cursadas.

A materia cursada como específica obrigatoria de modalidade é materia da parte obrigatoria pero tamén pode contar como unha materia máis da parte voluntaria.

1.6 CUALIFICACIÓN DA PARTE VOLUNTARIA

Cada unha das materias da parte voluntaria das que te examines será cualificada entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais, sendo necesario acadar una puntuación mínima de 5 para que ponde.

A nota acadada en cada materia multiplícase por 0'2 ou 0'1 segundo as táboas de ponderación.

Estes resultados súmanse e engádense á nota de acceso, que é a media ponderada entre a nota de bacharelato e a nota da parte obrigatoria.

A cualificación obtida na materia xeral troncal da parte obrigatoria, vinculada a cada modalidade (Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, Ciencias Xerais, Análise Musical II, Artes Escénicas II e Debuxo Artístico II), tamén se terá en conta para mellorar a nota de admisión.

A cualificación das materias da parte voluntaria e da materia troncal de modalidade da parte obrigatoria terán validez durante os dous cursos académicos seguintes a súa superación.

É recomendable presentarse á parte voluntaria da ABAU, xa que a maioría das titulacións universitarias de Galicia teñen número de prazas limitadas.

1.7 CÁLCULO DAS NOTAS DE ACCESO E DE ADMISIÓN

Nota de acceso = 0'6*NMB+0'4*CPO

NMB: Nota Media de Bacharelato

NPO: Nota da Parte Obrigatoria

Nota de admisión = 0'6*NMB+0'4*CPO+a*M1+b*M2

NMB: Nota Media de Bacharelato

NPO: Nota da Parte Obrigatoria

M1,M2: Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examina o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade correspondente, que proporcionen a mellor nota de acceso, unha vez aplicados os parámetros de ponderación.

a,b: Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade que proporcionen a mellor nota de acceso.

Un exemplo:

- Nota de Bacharelato: 8,60
- Nota da parte obrigatoria: 8,300
- Nota de acceso: $(0'60 \times 8'6) + (0'40 \times 8'3) = 8'48$

Parte Voluntaria:

- Materia 1 (pondera 0'2): 8'50
- Materia 2 (pondera 0'2): 8'80
- Puntos adicionais: $(8'5 \times 0'2) + (8'8 \times 0'2) = 3'46$
- Nota de admisión: $8'48 + 3'46 = 11'94$

Hai dúas convocatorias anuais: ordinaria(xuño) e extraordinaria(xullo). Un alumno pode presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da parte obrigatoria e/ou de calquera das materias da parte voluntaria. Considerarase sempre a cualificación superior entre as obtidas. A superación da parte obrigatoria da proba terá validez indefinida pero a cualificación das materias da parte voluntaria terá validez nos dous cursos seguintes á súa superación.

1.8 PROCESO DE REVISIÓN

No caso de non estar de acordo con algunha das cualificacións obtidas, existe un procedemento único de revisión que consta de tres fases:

1º. En primeiro lugar analizarase se houbo algún erro material na corrección do exame da persoa interesada (sumas mal calculadas ou preguntas sen corrixir). No caso de existir algún erro material, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa. A cualificación provisional obtida (identificada como P) pasa a ser a nova cualificación despois de ser modificada segundo o erro material detectado. No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisional a cualificación orixinal (identificada tamén como P).

2º. A continuación realizarase unha segunda corrección por un novo corrector/a especialista, distinto ao que efectuou a primeira corrección. Se esta segunda cualificación (identificada como S) ten unha diferenza menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P, nomeadamente $(S+P)/2$.

3º. Finalmente no suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións (P e S), un terceiro profesor/a especialista distinto dos anteriores efectuará unha terceira corrección (identificada como T). Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das tres cualificacións, nomeadamente $(P+S+T)/3$.

O prazo para solicitar o procedemento de revisión será de tres días hábiles desde a data de publicación das notas. A solicitude preséntase nos LERDs cun impreso específico ou directamente a través da aplicación Nerta.

2.-PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS

O **proceso de preinscrición** para o acceso ás titulacións universitarias consta de 2 convocatorias, a ordinaria e a extraordinaria: a **convocatoria ordinaria vai do 19 de xuño ao 1 de xullo** e a **extraordinaria: do 17 ao 22 de xullo**.

Os **chamamentos para a matrícula** realizaranse progresivamente ao longo do mes de **xullo**.

As datas para a entrega de solicitudes de acceso serán as mesmas para todo o sistema universitario de Galicia e están publicadas na páxina web da CIUG.

Todos os trámites administrativos do proceso de acceso, deberán ser realizados a través da **aplicación NERTA** ou no LERD (lugar de entrega e recollida de documentación), que están repartidos polos diversos campus de Galicia. Deberá elixir o LERD do campus escollido en primeiro lugar na solicitude de preinscrición.

O alumnado deberá cubrir un único impreso de solicitude en Nerta, onde poderá indicar **ata cinco titulacións universitarias diferentes**, e un máximo de dez peticións no caso de que a ensinanza elixida se imparta en máis dun centro en Galicia.

A orde de adxudicación das prazas é a seguinte:

1º Primeiro adxudícanse as prazas a quen cumpra os requisitos en xuño do presente curso ou de anos anteriores.

2º En segundo lugar, adxudícaranse prazas aos estudantes que cumpran os requisitos de acceso na convocatoria extraordinaria.

En cada colectivo do apartado anterior adxudícaranse as prazas por maior nota de admisión.

A CIUG asignará as prazas en cada titulación en cada un dos prazos que se establezan. Haberá 8 prazos de chamamentos de matrícula. Publícanse os distintos listados ata outubro. Despois de cada listado dispónse de **dous días** para realizar a matrícula. **Se o alumno foi admitido na titulación de maior preferencia, deberá facer a matrícula nos dous días seguintes**, pois do contrario perderá todos os seus dereitos. **De ser admitido nunha de menor preferencia pode matricularse ou esperar** a ver se é admitido nunha titulación de maior preferencia ata que se anuncie o **peche** da matrícula nesa titulación. Suxírese que se faga a matrícula no 1º día do prazo para poder resolver calquera incidente que poida

xurdir. **Durante o período de matrícula, o alumnado que non se matricule, deberá confirmar o interese en seguir nas listaxes da CIUG, xa que de non confirmalo entenderase que non ten interese nas titulacións solicitadas e decaerá nos seus dereitos.**

Poderase consultar os listados de espera no Nerta, accedendo co contrasinal, e valorar a posición na que se atopa na lista de espera.

O alumnado poderá presentar reclamación á súa asignación de prazas no LERD onde presentou a súa solicitude de acceso.

2.1.PRIMEIRA CONVOCATORIA DE MATRÍCULA:

- Se o solicitante aparece convocado para matricularse na titulación da súa primeira preferencia, deberase matricular no prazo establecido, do contrario perderá todos os seus dereitos.
- Se o solicitante aparece convocado para matricularse nunha titulación que non sexa a de primeira preferencia, poderá esperar a matricularse nela en tanto non se peche a matrícula nas titulacións solicitadas con maior preferencia. No caso de matricularse nela ou en calquera outra titulación sen límite de prazas, decae dos seus dereitos de continuar no proceso de ingreso en titulacións con límite de prazas.

2.2. SUCEVAS CONVOCATORIAS DE MATRÍCULA:

Despois da primeira convocatoria de matrícula poden quedar prazas vacantes como consecuencia de que algún dos alumnos convocados non formalice a súa matrícula. Neste caso, sobre as prazas vacantes realizarase unha reasignación automática de acordo cos mesmos criterios cos que se fixo a primeira convocatoria e convocaranse aos alumnos para formalizar a matrícula, nos sucesivos prazos sinalados no calendario de matrícula.

As sucesivas convocatorias de matrícula anunciaranse nos LERD, na CiUG e Nerta.

Nestas convocatorias sucesivas o alumnado pódese atopar nos seguintes supostos:

- **Se o alumno/a é convocado/a para matricularse na titulación da súa primeira preferencia, deberá facer a matrícula, pois do contrario perderá todos os seus dereitos.**

Nota: Enténdese por primeira preferencia aquela que o alumno/a solicitou no primeiro lugar ou en lugares sucesivos no caso de se esgotaren as prazas ("peche") das titulacións solicitadas nas primeiras preferencias.

- **Se o alumno/a é convocado/a para matricularse nunha titulación de menor preferencia, poderá facer a matrícula ou non.**

De facela, a matrícula considerase firme e non terá a oportunidade de cambiarse a outra titulación.

De non facela, poderá esperar a matricularse nunha titulación de maior preferencia ata o peche da matrícula nestas, o que se anunciará coa publicación dos sucesivos listados de admitidos e de espera.

O **peche de matrícula** dunha determinada titulación implica a desaparición automática das listas de espera, de xeito que non se volverá a abrir de novo a matrícula desa titulación.

En todo caso recordade que durante o proceso de matrícula, se non vos matriculades, deberedes confirmar o voso interese en seguir nas listaxes da CIUG, pois se non o confirmades entenderase que non tedes interese nas titulacións solicitadas e perdedes os vosos dereitos.

2.3.LUGARES DE MATRÍCULA

A matrícula poderá realizarse **nos centros** onde se imparte a correspondente titulación, ou **online**, accedendo aos enlaces de cada unha das universidades de Galicia, e que están dispoñibles na páxina web da CIUG: www.ciug.cesga.es

- UNIVERSIDADE DA CORUÑA: Nos centros onde se imparte a titulación ou a través de internet (<http://matricula.udc.es/matriculaprimeiro/>)
- UNIVERSIDADE DE VIGO: Nos centros onde se imparte a titulación ou a través de internet (<http://seix.uvigo.es/automatricula>)
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: a matrícula deberá facerse a través de internet (<https://matricula.usc.es/MatriculaPrimeiro/Login.asp>)

2.4. RESUMO CALENDARIO ABAU 2024

CONVOCATORIA ABAU 2024	DATA
ÚLTIMO DÍA PARA A AVALIACIÓN FINAL 2º BACHARELATO	15 de maio
RECLAMACIÓNS CUALIFICACIÓNS BACHARELATO NO CENTRO	20 e 21 de maio
MATRÍCULA ANTICIPADA ONLINE para ABAU de titulados de FP ou BACH de anos anteriores	Do 2 ao 20 de maio
PREMATRÍCULA ABAU NOS CENTROS DE SECUNDARIA (para titulados en maio 2024)	O 16 e o 20 de maio
CONSULTA DA LISTAXE PROVISIONAL DE MATRICULADOS E RECLAMACIÓNS SE PROCEDE NOS CENTROS DE SECUNDARIA	20 de maio(ata as 14:00h)
MATRÍCULA ORDINARIA NA ABAU POR PARTE DOS CENTROS NOS LERDS	Do 21 ao 23 de maio
EXAMES DA ABAU CONVOCATORIA ORDINARIA	4, 5 e 6 de xuño
PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS e ENVÍO DA TARXETA DE CUALIFICACIÓN DA ABAU	13 de xuño a partir das 20'00h(NERTA)
SOLICITUDE DE REVISIÓN ÁS CUALIFICACIÓNS DA ABAU ORDINARIA	Do 14 ao 18 de xuño (ata as 14'00h(NERTA)
PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS E ENVÍO DA TARXETA DE CUALIFICACIÓN DEFINITIVA	20 de xuño (NERTA)
SOLICITUDE DE CONSULTA PARA VER OS EXAMES REVISADOS DATA PARA VER OS EXAMES SOLICITADOS	21 e 25 de xuño 27 de xuño ás 10h
ÚLTIMO DÍA AVALIACIÓN 2º BACHARELATO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA	13 de xuño
RECLAMACIÓNS CUALIFICACIÓNS BACHARELATO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA	17 e 18 de xuño
PREMATRÍCULA NA ABAU NOS CENTROS DE SECUNDARIA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA	Do 13 ao 17 de xuño
ENVÍO POR PARTE DOS CENTROS EDUCATIVOS DA DOCUMENTACIÓN DO ALUMNADO MATRICULADO NA ABAU NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA AOS LERDS	Do 18 ao 20 de xuño
CONSULTA DA LISTAXE PROVISIONAL DE MATRICULADOS NA ABAU NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA E RECLAMACIÓN SE PROCEDE	20 de xuño
EXAMES DA ABAU CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA	2, 3 e 4 de xullo
PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS E ENVÍO DA TARXETA DE CUALIFICACIÓN PROVISIONAL	10 de xullo a partir das 20'00h(NERTA)

SOLICITUDE DE REVISIÓN ÁS CUALIFICACIÓNS DA ABAU EXTRAORDINARIA	Do 11 ao 15 de xullo ata as 14'00h (NERTA)
SOLICITUDE DE CONSULTA PARA VER OS EXAMES REVISADOS DATA PARA VER OS EXAMES SOLICITADOS	17 ou 18 de xullo 23 de xullo ás 10h
XERACIÓN EN NERTA DAS TAREXETAS DE CUALIFICACIÓN DA ABAU EXTRAORDINARIA CON MODIFICACIÓN DE NOTA	16 de xullo

CALENDARIO DE MATRÍCULA NOS GRAOS UNIVERSITARIOS 2024(aparece como provisorio neste momento na páxina da CIUG)

Prazos dos chamamentos de Matrícula nas Universidades Galegas			
Convocatoria	Prazos	Data listaxes	Datas Matrícula
Ordinaria	1º	9 de xullo	10-11 de xullo
	2º	15 de xullo	16-17 de xullo
	3º	19 de xullo	20-22 de xullo
Ordinaria e Extraordinaria	4º	24 de xullo	25-26 de xullo
	5º	29 de xullo	30-31 de xullo
	6º	3 de setembro	4- 5 de setembro
Vacantes (datas orientativas)	7º	10 de setembro	11-12 de setembro
	8º	24 de setembro	25-26 de setembro
	9º	11 de outubro	12-14 de outubro

IMPORTANTE:

-A CIUG suxire que se faga a **matrícula no primeiro día do prazo** para poder resolver calquera incidente.

-Durante o período de matrícula, o **alumnado** que **non se matricule**, deberá **confirmar o interese en seguir nas listaxes** da CIUG, xa que de non confirmalo entenderase que xa non ten interese nas titulacións solicitadas e decaerá nos seus dereitos.